

I.M. DE DROGODEPENDENCIA**PERSOAL LABORAL TEMPORAL**

Denominación Praza	Nº
Directora Psiquiatra	1
Psicólogo/a	1
Educador/a Social	1
Traballador/a Social	1
Enfermeira/o	1
Auxiliar Administrativo	1
Monitor tempo Libre	1

Monforte de Lemos, 24 de xaneiro de 2017.- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 0234

A PONTENOVA*Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía número 2016-0329, de data 29 de decembro de 2016, o Sr. Alcalde D. Dario Campos Conde, delegaba no Segundo Tenente de Alcalde D. Don Francisco Martínez Bermúdez, con DNI.: 76.566.746-E, por motivos persoais, o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía: poder asinar o **“CONVENIO DE COLABORACIÓN HORIZONTAL (PÚBLICO-PÚBLICO) PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA POLO CONCELLO DE A PONTENOVA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DUNHA ACTIVIDADE NA QUE CONFLÚEN OS RESPECTIVOS TÍTULOS COMPETENCIAIS PARA O FIN COMÚN DE MELLORA DE ABASTECIMENTO DE AUGA NO NÚCLEO DE VILARXOANE”**.

Dado na Pontenova, a dez de xaneiro de 2017, data dos seus efectos ao día seguinte, sen prexuízo da súa publicación no BOP de Lugo e taboleiro de anuncios do concello.-

A Pontenova a 10 de xaneiro de 2017.- O Alcalde, Darío Campos Conde

R. 0231

PORTOMARÍN*Anuncio*

O Concello de Portomarín publica en cumprimento do que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local- o texto integro da **“ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CON INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA E/OU VEHICULOS-TENDA NA VIA PUBLICA E, EN XERAL, EN BENS DE DOMINIO PUBLICO MUNICIPAL, AUTORIZADOS O AMPARO DA ORDENANZA REGULADORA DE VENDA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA NO CONCELLO DE PORTOMARIN”**. A aprobación inicial foi por acordo do Pleno da Corporación do 27 de setembro de 2016 e expúxose ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia número 236 do 14 de outubro de 2016, sen que houbera ningunha reclamación, alegación ou suxestión, razón polo que se entende aprobado definitivamente.

ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CON INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA E/OU VEHICULOS-TENDA NA VIA PUBLICA E, EN XERAL, EN BENS DE DOMINIO PUBLICO MUNICIPAL, AUTORIZADOS O AMPARO DA ORDENANZA REGULADORA DE VENDA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA NO CONCELLO DE PORTOMARIN

ÍNDICE

Artigo 1. FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 2. SUXEITOS PASIVOS

Artigo 3. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Artigo 4. COTAS

Artigo 5. DEVENGO E INGRESO

Artigo 6. XESTIÓN**Artigo 7. INFRACCIÓNS E SANCIÓN****Disposición final****Artigo 1. FEITO IMPOÑIBLE**

Constituirán feito impoñible destas taxas os aproveitamentos da vía pública soares ou espazos abertos, e en xeral bens de dominio público municipal, autorizados ó amparo da Ordenanza Reguladora de Venda ambulante ou non sedentaria no Concello de Portomarin.

Artigo 2. SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos, obrigados ó pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza aquelas persoas autorizadas a instalar postos segundo o disposto no artigo 1 desta ordenanza.

Artigo 3. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Agás o previsto en normas con rango de lei ou tratados internacionais, non se admitirán exencións nin bonificacións nestas taxas.

Artigo 4. COTAS

As cotas que correspondan abonar en concepto das taxas reguladas nesta ordenanza determinaranse con arranxo ó cadro que segue:

TARIFAS

Venda ambulante en mercados periódicos: Son aqueles que se celebran con periodicidade preestablecida, xa sexa con ocasión da celebración de feiras tradicionais ou especificamente como mercado ambulante.	Por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa. (0,02 €/metro cadrado/día).
Venda ambulante en mercados ocasionais: Son aqueles que se celebran de maneira non periódica en razón a festas ou acontecementos populares.	Por taxa por recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos. (0,20 €/establecemento/ano).
Venda ambulante en camións-tenda con carácter itinerante nos lugares e cos itinerarios que se autoricen polo Concello.	Por solicitude de licenza de actividade inocua. (12,00 €/establecemento).

A superficie computable será a que ocupe o posto ou instalación máis a que determine unha franxa de 1 metro lineal paralela á liña exterior do mostrador ou fronte.

Artigo 5. DEVENGO E INGRESO

As taxas reguladas nesta Ordenanza fiscal percibiranse no momento en que se inicie o aproveitamento especial.

Os solicitantes da licenza ingresarán no momento de formular aquela, as taxas que correspondan, polo procedemento de autoliquidación en impreso regulamentario que facilitará o Rexistro Xeral do Concello.

A cota a ingresar determinarase segundo o disposto no artigo 4 desta ordenanza.

Artigo 6. XESTIÓN

1.- Solicitarase a ocupación de vía pública, antes da efectiva instalación e poderá ser de dous tipos:

1.1.- En mercadillos periódicos (feiras tradicionais).

Cando se solicite un posto nos mercadillos periódicos, a taxa aboarase por ano ou fracción mínima de un mes, e autorizarase para todas as feiras e mercados sinaladas na solicitude.

1.2.- En días de festas e eventos especiais.

Cando se trate de aproveitamentos por postos de carácter illado situados na rúa, a taxa liquidarase no momento da solicitude, condición indispensable para que a autorización sexa concedida.

Se como resultado dos informes dos técnicos a instalación non poida facerse no lugar solicitado se lle presentará unha ubicación alternativa e de non aceptala se lle reembolsará os cartos depositados.

As tarifas establecidas serán aplicables integramente ás ocupacións solicitadas ou realizadas, sen prexuízo de que de acordo á normativa vixente incóese o oportuno expediente sancionador polos aproveitamentos que excedan das correspondentes autorizacións.

2.- Para a venda itinerante en vehículos-tenda, Solicitarase a ocupación de vía pública, antes da efectiva instalación e poderá ser de dous tipos:

2.1.- En mercadillos periódicos (feiras tradicionais).

Cando se solicite un posto nos mercadillos periódicos, a taxa aboarase por ano ou fracción mínima de un mes, e autorizarase para todas as feiras e mercados sinaladas na solicitude.

2.2.- En días de festas e eventos especiais.

Cando se trate de aproveitamentos por postos de carácter illado situados na rúa, a taxa liquidarase no momento da solicitude, condición indispensable para que a autorización sexa concedida.

Se como resultado dos informes dos técnicos a instalación non poida facerse no lugar solicitado se lle presentará unha ubicación alternativa e de non aceptala se lle reembolsará os cartos depositados.

As tarifas establecidas serán aplicables integramente ás ocupacións solicitadas ou realizadas, sen prexuízo de que de acordo á normativa vixente incóese o oportuno expediente sancionador polos aproveitamentos que excedan das correspondentes autorizacións.

2.3.- Venta itinerante con recorrido periódico.

Cando se solicite un recorrido periódico de venta itinerante, a taxa aboarase por ano ou fracción mínima de un mes, e autorizarase para todas os días sinalados na solicitude.

Artigo 7. INFRACCIÓN E SANCIÓN

No relativo a infraccións tributarias desta ordenanza, así como as súas cualificacións e sancións, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

Disposición final

No non previsto nesta ordenanza será de aplicación Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse ao día seguinte da súa publicación no BOP, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

En Portomarín a 18 xaneiro de 2017.- O ALCALDE, Juan Carlos Serrano López

R. 0207

Anuncio

O Concello de Portomarín publica en cumprimento do que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local- o texto integro da "ORDENANZA REGULADORA DE VENTA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA NO CONCELLO DE PORTOMARIN". A aprobación inicial foi por acordo do Pleno da Corporación do 27 de setembro de 2016 e expúxose ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia número 236 do 14 de outubro de 2016, sen que houbera ningunha reclamación, alegación ou suxestión, razón polo que se entende aprobado definitivamente.

ORDENANZA REGULADORA DE VENTA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA NO CONCELLO DE PORTOMARIN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A venda ambulante entendida como a realizada fora dun establecemento comercial permanente a través de mercados ou feiras ten unha ampla tradición e raizame no Concello de Portomarín.

Na actualidade o mercado celébrase con carácter regular tódolos días nove de cada mes contando cunha media de aproximadamente 30 postos.

Nos últimos tempos, debido o auxe do Camiño de Santiago Francés, no cal Portomarín é un punto clave do seu itinerario, vese incrementado o número de solicitudes ou consultas para poder realizar a venda ambulante ao longo do mesmo.

Debido a que no Concello non dispón de normativa actualizada ao efecto, e para poder garantir, dunha parte, a realización desta actividade no marco dos principios que inspiran a regulación da actividade comercial e, de outra, o respecto e garantía dos lexítimos dereitos dos consumidores e usuarios e a racionalización da oferta en función da capacidade de consumo da poboación pero sen esquecer o contexto social no que se desenvolve e que xustifica a limitación do número de autorizacións ás persoas físicas e xurídicas.

A Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, impón aos Estados a obriga de eliminar todas as trabas xurídicas e barreiras administrativas inxustificadas á liberdade de establecemento e de prestación de servizos que se contemplan nos artigos 49 e 56 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFE) respectivamente.

A súa incorporación ao ordenamento xurídico español conduce á modificación da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de Ordenación do Comercio Retailista, e ineludiblemente á reforma dos conseguíntes desenvolvementos regulamentarios, co obxecto de axeitar o seu contido ás esixencias de supresión de trámites innecesarios e de simplificación de procedementos administrativos no outorgamento das autorizacións pertinentes en materia de comercio.